

Nova prestación de seguridade social para traballadores/as afectados por coronavirus, COVID-19

Norma que o regula:

Real decreto lei 6/2020, do 10 de marzo (artigo quinto).

Entrada en vigor da prestación:

12 de marzo de 2020

Situación protexida:

Traballadores/as por conta allea e autónomos contaxiados polo virus COVID-19 ou en illamento preventivo decretado pola autoridade sanitaria correspondente (servizo público de saúde).

**A prestación establece estas situacións como asimiladas a accidente de traballo para os únicos efectos da prestación económica.*

Requisito de cotización previa:

Non se esixe período de cotización previo, aínda que é imprescindible encontrarse en **situación de alta** no momento do feito causante.

Feito causante:

A data do feito causante será a data en que se acorde o illamento ou enfermidade do traballador, sen prexuízo de que o parte de baixa se expida con posterioridade a esa data.

Responsable de emitir baixa/alta:

Exclusivamente o servizo público de saúde.

Contía da prestación a cargo da Seguridade Social:

O día do feito causante débese percibir o salario íntegro, a partir do día seguinte recoñécese unha prestación polo **75 % da base reguladora** (base de cotización por continxencias profesionais que tivo o traballador ou traballadora o mes anterior ao feito causante)

**Nos casos en que estea regulado en convenio colectivo, cabería o recoñecemento de complementos a cargo da empresa na contía e os termos establecidos.*

Entidade responsable do pagamento da prestación:

A prestación finánciase con cargo ás cotas por accidente de traballo e enfermidade profesional (ATeEP)

A entidade responsable do pagamento da prestación é a mutua colaboradora ou entidade xestora coa que a empresa teña concertada a cobertura de AT e EP.

Cotización durante a prestación:

A cargo da empresa e traballador/a nos mesmos termos en que se produce en calquera situación de incapacidade temporal.

Responsable da asistencia sanitaria asociada á prestación:

Exclusivamente o servizo público de saúde.